

NO DIA DE GALICIA

Novamente volta o mundo galaico a conmemorar, ná Terra e ná emigración, baixo xeitos cáseque empre folklóricos o *Día de Galicia*, sinalado polas festas tradicionais do Santiago Apóstolo ou do gran rebelde poetizado, o bispo Prisciliano.

Dende Sydney a Montreal, dende Bahía Franca a Heidelberg, dende Xinebra a Detroit e dende o Fisterre a Penagache, revólvese a xente galega con lembranzas desacougadas, mordida polos traumas que espetou na nosa sicoloxía social o colonialismo centralista.

O traveso dos séculos a nosa xente arecúa, xunguida coa canga das escravitudes socio-económicas, políticas e culturais, que espaventaron o "ser" galego polos miridians dun mundo arrepiado de medo e de inxusticias desterando, ná sua propia terra, os seus fillos mais xenerosos e consontes, como dixera o guieiro insiñe da nosa nacionalidade: Alfonso R. Castelao, espello i exempro dos mozos ergueitos, que non queren renunciar a ninguna responsabilidade i esnaquizan as veas táboas de valores, acedas e carcomidas na podremia, na hipocresía e na represión.

* * *

E comenente recordar algunha das cousas que decíamos o ano pasado:

Aseguiamos aterecidos, de friaxe e de medo, na longa noite de pedra, que dixera o poeta. Séculos de faldaxe cruel flaxelaron o lombo do noso pobo e nos derradeiros trinta anos o colonialismo económico, político e cultural que padecese históricamente o noso país espetouse nas entrañas con sinos dramáticos.

Doinos moito apresentar unha situación pesimista, encol dos problemas do noso pobo. Ora ben, nós somos unha entidade de novo cuño, sin festas, nin beneficencias, nin cimiterios, nin concursos, nin mitificaciós históricas, e pdo mesmo dentro da nosa paisaxe cultural, no mais amplo serzo da cultura, temos que prantexar ás custióis coa concentración mental que eisixe o intre crucial, xa que somos dunha terra diferenciada e vivimos nun tempo determinado.

Apesares das estadísticas de botafumeiro, e do rosiñol do turismo, a verdade e que agonizamos nunha vivencia de esperpento.

Istas verbas permanecen aínda teimosas e valedoiras. Descasí nos derradeiros meses aconteceron fenómenos socio-políticos, no noso país, dunha significativa e outa valencia, que reflexan un profundo avance na concentización dos traballadores e dos estudantes, quen es levan barudamente, até as camadas da poboación, a craridade i acción encol dos problemas determinantes, que solo teñen solución co avencellamente e coa praxis.

O dereito de autodeterminación pra Galicia, e pra calquer nacionalidade, é un principio político internacional e democrático. Non hai outro nin pode habelo, no referente a iste gallo. E o único.

O dereito de autodeterminación non e unha concesión graciosa de calquer poder oligárquico. O dereito de autodeterminación e un dereicho inalienabel do pobo pra arredarse ou avencellarse libremente.

Os partidarios, ou militantes, do internacionalismo proletario deixan de selo pra convertirse en monecos de centralismo cando non comprenden postulados tan nidios como son o concepto de nacionalidade, a diferenciación nacional ná raigame de cultura e da vida, e ó *dereito de autodeterminación*.

A verdadeira universalidade consiste en recoñecer, e non somentes de pico, o dereito de cada pobo de dispor libremente dós seus destinos. Moitos demócratas inteleitualistas, un pouco a violeta, andan trabucados en custióis tan sinxelas que debían eispricarse en escola de parvuliños, si tiveramos escola galega.

* * *

Somos unha entidade da emigración que estivo perante mais de trinta anos proieitada, data con data, sobor do país.

Somos unha entidade cultural, sin edificios, nin sanatorios, nin cimiterios, nin campos de futbol, nin bandas de gaitas, nin peregrinaciós.

Somos unha entidade que pretende fixar o concepto esencial do que significa *cultura*, que non é un globo de coores, illado dos factores económicos, políticos, sociolóxicos, antropolóxicos, psicolóxicos, artísticos e lingüísticos da nosa nación, ben diferenciada. Craro está que levamos séculos mergullados ná *subcultura colonial*, en realidade na que pudo chamar Oscar Lewis a *cultura da fame* e que nos podemos nomear agora como a *cultura da anguria*.

Apesares do dramatismo arrepiante, nó cal esmorece a nosa nacionalidade, eisisten puntos de comprensión e de avencellamento que amosan certas raiolas trunfales.

Velehí porque recibimos constantemente estímulo de todolos lugares de Galicia, e podíamos faguer unha eisposición filatélica das cartas qu ós galegos nos mandan dende Australia e aínda das Pirámides de Exipto. Podíamos decir, sin argallar, que casi non hai ningún país do mundo, que polo carisma oracional "VIEIROS" e polo impaio que produciu nas mentes desamparadas dos galegos, non se teña dirixido a nós con verbas de alento, de entusiasmo e de agarimo e aínda reclamándonos unha dirección cultural, que presenta enormes dificultades e que nonos corresponde.

No que se refere as mulleres da industria de conservas e outros servicios, a explotación e tan inícuas que ten características de esperpento: cando non chega peixe do mar non teñen traballo e non cobran ningún salario. Parece cousa inverosímil, pro é consa ben certa. A civilización cristiana e ocidental e os trust soio lle deixan aberto o camiño da delincuencia e da degradación.

Non temos papel pra estudar o problema dos obreiros e peós con salarios negativos, os artesans, os pequenos comerciantes arruinados, os profesionales totalmente proletarizados. Até agora non ollaron todos iles outro respiro que coller o fardelo e marchar polo mundo adiante.

Isas son as causas sintetizadas da emigración galega. Decote unha solución antinacional, que a curta ou a larga levaranos a unha situación de desastre, xa que iste remendo perpetúa o atraso do campo, despoboa o país, aniquila a produtividade, io consumo dos cartos dos emigrantes perxudicará tamén os comerciantes, especuladores en pequeno, por non existiren bases sólidas de desenrolo.

A emigración é un fenómeno pasaxeiro, mais fatal, que padescen os emigrantes afogados polos sufrimentos, ás penurias, ós menosprecios e toda crase de infamias e brutalidades, mentras se aproveitan da sua plus-valía os trusts imperialistas extranxeiros, sin haber aportado nin un can pra formación dos nosos traballadores.

A emigración padescena os labregos porque a situación do campo empiora; padescena ós traballadores en xeral porque as estroituras económicas camiñan deica a crise apresuradamente; padescena todo ó pobo porque a emigración non fai mais que enfurruxar os problemas, falsear as tesis, retrasar as solucións e xermolar a ruina económica e cultural de Galicia.

E obvio que alguen se beneficia dista dramática diáspora. Beneficiase a oligarquía que ten unha fonte de divisas, que lle equilibra a balanza de pagos; beneficiase a Banca coa manipulación dos aforros dos emigrantes; beneficianse as institucións do Estado oligárquico que funciona como axencia de colocaciós. En resumen beneficiase o imperialismo.

* * *

Queremos findar iste manifesto en defensa da nosa cultura, e da nosa personalidade socio-política no concerto dos pobos do mundo, teimando na importancia, e trascendencia, que tiveron nos derradeiros meses os feitos heroicos do Ferrol e as valentes folgas da Universidade Galega de Compostela.

Doutra banda a solidariedade manifesta antre obreiros e estudantes non somentes e significativa senón tamén esperanzadora.

Nefeuto, neste ano teñense producido na nosa Galicia, e nás Hespañas, feitos de trascendencia histórica polo seu desenrolo avanzado e, limiarmente, pola toma de concencia ná organiza- ción e nás decisións.

As nosas xentes, malladas persistentemente pola oligarquía, xa non alcenden as loitas indispensabeles por un vaso de viño e duas sardiñas máis, senón por postulados políticos determi- nantes i esenciales, que deben conducir o pobo a situación di- rixente, que lle corresponde no contexto social, pra trocar o sistema opresor, especulador e tiránico e desfaguer as estroitu- ras culturais — no gran senso da cultura — caducas, perni- ciosas e inoperantes.

Dentro do país a pesares das divisiós, incompreñsiós, barullos e tácticas trabucadas, as forzas que podemos chamar opositoras e democráticas aparecen cada data máis latexantes e apresetan, con luminosidade, as tesis axeitadas ias custiós limiares e de- cisivas.

Temos que enfiar unha migalla de outimismo, dentro do cadro dramático da situación, porque a neboiera das confusiós vai se desafiando polo estudio, polo análise, e sobor de todo pola praxis, pra atinguir ouxetivos necesarios, concretos e trascen- dentes.

Velehí porque decíamos a ano pasado tamén:

E indispensable afastar os berrecallos, os furafollas os snob-istas, os canfurneiros, os teorizantes que chamándose ultrain-ternacionalistas afóganse co conceito de autodeterminación nacio- nal, única maneira de ser universal, os reaccionarios que enchen a boca de patacas furadas falando da patria e son antipatriotas por dereito propio, e limpan o suor de folzáz falando da civi- lización cristiana e occidental.

Reitesiamos que a única maneira democrática, progresista, avanzada, de integrarse con todos os pobos hispánicos, con Europa, co Universo e co Cosmos, é percisamente o principio de au- todeterminación. O noso pobo ten dereito a autodeterminarse na forma que queira, e conquistar a liberación nacional, e aínda constituírse en Estado que se integre coas Hespañas e co mundo enteiro en irmandade cabal. Falar de separatismo e de arredismo e unha parvada, xa que os separatistas son sempre os coloni- zadores e non ós colonizados.

Sería inútil reitesiar tesis, que deben serben coñecidas, aitu- das e respetadas.

Ainda se trata, por algús, de enxergatrapalladas sobor do conceito de Nación e de Estado e singularmente sobor da preci- sión filosófico-social do principio de autodeterminación.

O chamado "el derecho a la autonomía" e unha componenda caciquil e parva, mais ben dito e unha trmpa vergoñenta pola cal as camadas máis reaccionarias da buresía centralista pre- tenden "conceder" certas autonomías enforma compasiva e paternal.

Deberá surxir unha situación nova dentro das entidades da emigración en América i en Europa, onde a cousa e moito máis grave e máis incompreñsibel, pois ós galegos siguen desperdi- gados, aínda que pareza, que teñen moita cobiza por avencellar- se. Acuden a nós —¡mal pocado!— pra que fagamos, unha ordenación sistemática diste mundo galaico, que necesita dun esforzo ciclópeo pra salvalo da desaparición espiritual e aínda do aniquilamento físico como pobo peculiar e distinto.

* * *

Veleiqué polo tanto prantexada a custión máis dramática e sangrante, que determina que sexamos o *único país do mundo que se despoboa*.

E falso, da máis inicua falsidade, que teñamos unha super- poboación. Suiza ten máis densidade de poboación, menos recur- sos naturás e nin ten superpoboación.

A boandanza das Hespañas está fincada hoxe en dúas tram- pas: a migración io turismo, ambos gallos supeditados a crise inevitabel que, tarde ou cedo, derrubará o pendello sin cimento económico. Asegún datos do Estado Español no periodo de 1966-1969 saíron "oficialmente" 65,000 emigrantes e polo menos outros tantos de "alta". Distas cifras o porcentaxe de Galicia e decote aterrador.

Sería comenente, en dúas líneas, eisaminar as causas dista diáspora verdadeiramente fantasmal: minifundio; escasa apro- veitamento da terra; porcentaxe desolador de terras ermas; nin- gún avance técnico; ningunha pranificación racional dos culti- vos; parte da terra perdida en balados, camiños, servidumes de paso, etc.; baixa produitividade do traballo; falla de comer- cialización; falla de mercado fixo; inestabilidade dos precios, regulados por la oligarquía; precios por baixo do valor real, mantidos coa importación de excedentes dos países imperialistas; un verdadeiro exército de intermediarios que fan co precio do mercado ruba i en troque baixe o precio que se lles paga os labregos; encarecemento dos produtos polos múltipres trans- portes, ventas e reventas, etc. Todo isto supón, sin máis eispri- caciós, cós labregos galegos vense privados do beneficio da pro- ducción, e non recuperan o valor mínimo dó seu traballo. Todo isto ocasiona unha siutación de miseria, falla ausoluta de servi- cios, de instrucción, sanitarios, eleí en resume un atraso e incultura propios da idade media.

Velehí porque se presenta unha super-poboación ficticia no campo, que non poden absorber outros puntos do país pola falla de industrialización, xa que é moi frecuente botar foguetes cando se monta unha fábrica que coloca 40 obreiros. Eixiste unha falla de inversións e polo mesmo a concetación industrial é deficitaria. Diante o anémico desenrolo dos servicios de toda crase ias comunicaciós rudimentarias, a oligarquía financeira non se interesa pola inversión en Galicia.

Nin que decir ten que os mariñeiros atópanse na mesma si- tuación. Mariñeiros de quión dos que o armador aprópiase do 60% do seu traballo e mariñeiros de cooperativas que están o pairo dos precios impostos polos grandes armadores.

Diante os sucesos do Ferrol, ias suas consecuencias, debemos ter en conta que demosaron, por primeira vez en trinta e tantos anos, que xa non se loita por cativas solucións, senón pola pro- blemas esenciales dos troques das estroitururas e do sistema. Ademais ás Hespañas, de punta a punta, de monte a mar, res- ponderon solidariamente cos obreiros do Ferrol e co pobo de Galicia: Madrude, Euzkadi, Cataluña, Andalucía, Castela, Ara- gón, etc., amostraron coa sua solidariedade afervoada que as loitas pola paz, pola liberdade e pola cultura nacional atinguiron xa outro nivel máis encadrado na realidade, que é o úneco que pode levar o trunfo final.

* * *

Niste *Día de Galicia* pronunciamonos, dura e responsable- mente, escontra da persecución que sofre a nosa lingoa ia nosa cultura nacional; escontra dos crimes do Ferrol, as cadeas, os presos políticos, os tribunales de eisceición, as mágoas, o deses- pero, o trauma social dun pobo xeneroso e traballador. Pro- nunciamonos, moi severamente, escontra da sangría dramática da emigración, pois aínda somentes se tivera en conta o aspecto sicolóxico do problema, sería necesario coutar agora mesmo ista disgraciada diáspora, que sigue sendo a praga espantabel que nos esnaquiza, pois as divisas que chegan o país, a conta dela, están amasadas con bágoas e co formento da fame, do medo e do sono, da longa noite de pedra.

Amigos e irmans galegos, do país e da emigración, é come- nente que fagamos, todos xuntos, algunha sinxela concrusión iste *Día de Galicia* aínda tristeiro pro que albisca un abreinte.

1o. E indispensable o avencellamento construtivo e patriano de todos os galegos do país e da diáspora, xa que por disgracia ná nosa Terra a emigración conta decote. Avencellamento con menos verbas, e discusións, e con máis laboura a cotío.

2o. Somentes encadrando totalas forzas políticas e cultu- rales, anti-oligárquicas, nunha ALIANZA NACIONAL POPU- LAR, podemos chegar a concrusiós valedoiras, que levarán o pobo galego a vitoria definitiva.

3o. O avencellamento inmediato de todos os homes de ben, conscentes da sua responsabilidade io traballo conxunto de to- dalas entidades do mundo galaico é o unico guieiro que pode evitar as represións cruéis, o desespero dos traballadores, a des- trucción familiar, e aniquilamento da nosa cultura, en resume: a desaparición histórica da nosa nacionalidade, que desexa inte- grarse nas Hespañas e no Universo e que se suicida sin remedio.

HIRMANS GALEGOS: SAUDE E BOANDANZA, NA MEN- TE E NA PRAXIS, CON FONDAS APERTAS DENANTES, AGORA, DISPOIS E SEMPRE.

SEUS E DA TERRA

O PADROADO DA CULTURA GALEGA DO MEXICO

México, D. F., Día de Galicia de 1972.